



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA
26 DE MARZO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESÚS ROMERO CARRACELAS
LUCÍA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURÁN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCÍA
PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
NOEL LÓPEZ LÓPEZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia a Concelleira:
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 26 de marzo de 2026, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

Pola Presidencia infórmase que se vai modificar a orde dos asuntos incluídos na orde do día debido a que a Sra. Prieto Cal se vai abster nos puntos 2 e 4.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 04.02.2026 E DOS EXTRAORDINARIOS DE DATAS 30.10.2025 E 07.11.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións de datas 04.02.2026, 30.10.2025 e 07.11.2025.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da actas dos plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de data 04.02.2026 e aos extraordinarios de datas 30.10.2025 e 07.11.2025, resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.

Sendo as 20:02 horas a Concelleira do PSdG-PSOE, D^a Carmela Prieto Cal, abandona o salón de Plenos.

4. APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS - EJERCICIO 2026. EXPEDIENTE N^o: 2026/A013/000001

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.03.2026, que di:

“**Expediente n^o: 2026/A013/000001**

Asunto: Aprobación Plan Estratégico de Subvencions - ejercicio 2026

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, unha parte importante da actividade financeira do sector público, canalízase a través de subvencions co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro a demandas sociais e económicas.

Un dos principios que rexen esta lei, recollendo a normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Por esta razón, o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, que ten carácter básico, establece a obriga de que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencions deben aprobar o seu correspondente Plan Estratégico de Subvencions.

O Plan foi creado pola Lei Xeral de Subvencions e concíbese como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencions. No Plan débense indicar tanto os obxectivos que se pretenden conquistar, como os custes previstos e a súa financiación, ou o procedemento a seguir para o seu outorgamento.

Ademais, unha maior información acerca das subvencions fará posible eliminar as distorsions e interferencias que puideran afectar ás diferentes actuacións municipais, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións nas distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento; configurándose, por elo, como instrumento de planificación idóneo das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Visto que con data de 16.03.2026, emitiuse Informe de Intervención de control financeiro, en sentido favorable á aprobación do Plan Estratégico de Subvencions para o para o exercicio 2025.

En base ao anterior esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o Plan Estratégico de Subvencions do Concello de Cedeira para o exercicio 2026.



SEGUNDO: Dispoñer a súa exposición ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PsdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL 2026. EXPEDIENTE N°: 2026/T004/000001

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.03.2026, que dí:

“Expediente nº: 2026/T004/000001

Asunto: Aprobación Orzamento Xeral 2026

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente do Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio económico 2026, integrado pola documentación preceptiva recollida nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Visto o informe da Intervención municipal de data 17.03.2026 de control financeiro permanente ao Orzamento do ano 2026 no que se conclúe:

- 1. Incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do devandito documento orzamentario que tiña que ser elevado ao Pleno do Concello para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2025, segundo o disposto polo artigo 168.4 do citado RDL 2/2004.*
- 2. A teor dos documentos de contabilidade e dos informes que figuran no expediente, existen os suficientes ingresos con relación aos gastos orzamentarios e de estes respecto ás necesidades para as que estean previstos, sen omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local.*
- 3. Os estados de gastos e ingresos do orzamento preséntanse sen déficit inicial e cumpren os seguintes principios:*
 - Nivelación orzamentaria interna: xa que os ingresos correntes (capítulos 1 a 5) 7.595.037,31 euros son superiores aos gastos correntes máis o capítulo 9 de amortización do capital da débeda (capítulos 1 a 5: 6.756.442,82 euros; capítulo 9: 0,00€), 7.586.874,31 euros.*
 - Estabilidade: xa que os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) 7.628.874,31€ son superiores aos gastos non financeiros (capítulos 1 a 7) 7.622.874,31€.*



- Equilibrio orzamentario: capítulo 1 a 9 de ingresos, 7.628.874,31€ = 1 a 9 de gastos, 7.628.874,31€.”

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de débeda pública de data 17.03.2026, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais e co artigo 11 e seguintes da Lei 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no que se sinalan as seguintes conclusións:

“A. O proxecto de orzamento do exercicio 2026 do concello de Cedeira cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

B. O proxecto de orzamento do exercicio 2026 do concello de Cedeira cumpre co teito de gasto non financeiro.

C. O proxecto de orzamento do exercicio 2026 do concello de Cedeira cumpre co obxectivo de limite da débeda.”.

Esta Alcaldía no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o exercicio 2026, que ascende tanto no seu estado de ingresos como no de gastos á cantidade de SETE MILLÓNS SEISCENTOS VINTE E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS E TRINTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (7.628.874,31 €) co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

	CAPÍTULO	2026
1	Impostos directos	2.139.117,54
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	860.931,37
4	Transferencias correntes	3.461.888,24
5	Ingresos patrimoniais	1.033.100,16



7	Transferencias de capital	33.837,00
TOTAL		7.628.874,31

ESTADO DE GASTOS

	CAPÍTULO	2026
1	Gastos de persoal	3.038.139,20
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.264.563,94
3	Gastos financeiros	3.700,00
4	Transferencias correntes	450.039,68
6	Inversións reais	830.431,49
7	Transferencias de capital	36.000,00
8	Activos financeiros	6.000,00
TOTAL		7.628.874,31

SEGUNDO. Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, a plantilla, anexos e demais documentación complementaria que acompaña a este Orzamento.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral do Concello de Cedeira para o ano 2026, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte a aquel en que apareza publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas, de acordo co disposto no artigo 150.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dous (2) votos en contra do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación,”



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Este debe ser o terceiro ano en Presupostos feitos polos representantes do PSOE e do BNG de Cedeira. Nós aquí non temos ningunha influencia nesta elaboración, e como xa dixemos nos anteriores Presupostos, que se confirma nestes, estes presupostos non responden ás necesidades reais dos veciños de Cedeira. Responden unicamente ós intereses dos Concelleiros do PSOE e do BNG de Cedeira.

Tal como aparece nestes Presupostos, por Intervención do Concello de Cedeira, incumpren o prazo legalmente establecido para a formulación do devandito documento orzamentario, que tiña que ser elevado a Pleno para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2025. Gastan máis de 3 millóns de euros en persoal, gastan 165.000 € en retribucións ós órganos de goberno do PSOE e do BNG, gastan 60.000 € en pagar a Seguridade Social dos concelleiros do BNG e o PSOE. En definitiva, gastan máis de 200.000 € en pagarse a si mesmos. Gastan máis de 200.000 € en pagar ao Alcalde e aos Concelleiros do BNG e do PSOE. Mentres vostedes cobran do Concello de Cedeira, os veciños da parte vella da Vila resbalan, caen, rompen os nocellos, fracturan os ombros... Caídas tras caídas. Sofren as caídas cun gravísimo risco para a súa saúde e mentres, vostedes cobran dos veciños de Cedeira, e mentres vostedes cobran de Cedeira. Manifestan Presuposto tras Presuposto, a súa incompetencia para solucionar os problemas reais dos veciños de Cedeira. Xa non valen desculpas nin lamentacións, tras 10 anos de desgoverno entre os dous partidos - PSOE e BNG- que non miran polos veciños de Cedeira.

Mire, PSOE e BNG foron os que votaron a favor das asignacións dos membros da actual Corporación, PSOE e BNG. O anterior portavoz foi quen de defender e apoiar o incremento retributivo do señor Alcalde, do señor Moreda. Nós votamos en contra. Como xa cremos que...a resposta que nos vai a dar, si vostede considera excesivo que nas Comisións Informativas de Plenos, Urbanismo, nos Plenos vostede e o seu grupo do PSOE e do BNG, se eses 100 € que tanto lles molesta, ten que traelo aquí a un Pleno e retire tales retribucións. Ao noso grupo do PP, non nos vai alterar o máis mínimo dita retirada. Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Moitísimas grazas. Por parte do BNG?

O Sr. López López di: Vou falar eu.

O Sr. Alcalde di: Vale.

O Sr. López López di: Antes de contestar ás cousas que dixoo, quero facer un resumo dos Orzamentos porque creo que se centrou só nunha partida que lle interesou e hoxe traemos a este Pleno o Orzamento que consideramos que corresponde á realidade de Cedeira e, sobre todo, ás necesidades da súa veciñanza. Non é un documento teórico que só les, é unha ferramenta para dar resposta ó día a día, para manter os servizos, para atender ás persoas, e para seguir facendo avanzar ó noso Concello que é o que intentamos todos os días aquí. Falamos dun orzamento construído dende a responsabilidade dos nove Concelleiros que estamos aquí, no que se prioriza o esencial. Hai decisións claras nese Orzamento que vostede pasou por enriba: reforzar os Servizos sociais, garantir o funcionamento dos servizos básicos, e apostar pola actividade social, cultural e deportiva que xa sabemos que son os piares esenciais de Cedeira. Estamos a falar dun orzamento de máis de 7,6 millóns de euros, no que son o centro as persoas. Máis de 3 millóns destínanse a persoal porque, claramente, sen persoal non habería Concello. Isto reflicte que detrás deste Orzamento hai uns servizos públicos de calidade, unha atención social, un mantemento, unha administración, deporte, cultura... etc. Non son números, son servizos. Tamén hai máis de 3,2 millóns de euros en gasto corrente porque son imprescindibles para manter o noso día a día: a limpeza, os residuos, o alumeadado, as instalacións, servizos básicos que empregamos nós, vostedes e toda a veciñanza.

En xeral, este Goberno aposta polo investimento, con máis de 330.000 € destinados a mellorar infraestruturas e espazos públicos, con actuacións concretas en saneamento, camiños ou equipamentos que aparecen recollidos nos documentos que vostedes ven. E ao mesmo tempo hai unha aposta clara pola dinamización do Concello; a Cultura, as festas e o Deporte non son un gasto superfluo, son unha base e



unha ferramenta para xerar unha vida social, unha actividade económica e un atractivo turístico para a nosa Vila, que vostedes tanto defenden ese turismo. Este Orzamento chega cun traballo rigoroso dos nove concelleiros e cunha base sólida que garante cada un dos euros que aparecen reflexados nel.

En resumo, un orzamento equilibrado, responsable e centrado nas persoas, garantindo servizos e estabilidade. Isto con respecto ós orzamentos.

Vostede comentaba que hai un incumprimento na presentación deles, somos conscientes. O ano pasado retrasámonos un pouco máis, traballamos máis arreo para traelos ao Pleno de marzo.

En cantos concellos do PP aínda non se presentaron os orzamentos? Tocamos con dous que creo que aínda non os presentaron e non presentaron ningún. Bueno, Ortigueira presentárono agora en pacto co PSOE, pero levaba sen presentar 3 anos orzamento.

Vostede traballa gratis? Non o creo. Eu teño un soldo porque traballo para o Concello. Si, rise?

O Sr. Cribeiro García di: Non me podó rir?

O Sr. López López di: Non.

O Sr. Cribeiro García di: Non?

O Sr. López López di: Porque eu ríome do seu traballo?

O Sr. Alcalde di: Imos a... pódeste rir, pero, por favor, imos a respectar os turnos de palabra, vale?

O Sr. López López si: Vostede traballa gratis? Pois se vostede non traballa gratis, eu tampouco traballo gratis. Eu dedícome por e para Cedeira. Entón, se traballo, deberei de cobrar por elo. E se traballo e hai que pagar por min unha Seguridade Social, pois igual que pagar por vostede, que son os impostos que hai que pagar.

O das Comisións, non lles debían de importar tanto cando gobernaron, porque cando gobernaban case se sacaban un soldo só en Xuntas de Goberno. Entón, igual hai que facerse mirar que cando goberna un o cu míranos menos. Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Bueno, eu vou intervir, non si se queres intervir xa.

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Alcalde di: Presentamos un orzamento de 7,6 millóns de euros grazas a que saneamos as contas e logramos un superávit. O Informe de avaliación de estabilidade orzamentaria 2025 certifica que o concello logrou unha capacidade de financiamento de 1.045.717,29 € fronte ao déficit de -457.123,53 € do 2024. Ademais o Resultado Orzamentario Axustado pechou en 587.199,77 € en positivo. Xa lle adiantamos á oposición se queren saber de onde sacamos a solvencia para medrar un 11% en 2026 que a resposta é matemática: a capacidade de financiamento de máis dun millón de euros que o noso equipo de goberno xerou na liquidación do ano 2025.

Multiplicamos por dous as obras ata 830.431 € sen pedir créditos e sen pór en risco ó Concello. O Estado de Remanente de Tesourería de 2025 pechou cuns fondos líquidos totais na conta do Concello de 2.288.992,26 € o que deixa un Remanente para Gastos xerais (aforro real e libre) de 1.393.646,64 €. E o mais importante, o Concello cumpriu coa Regra de gasto en 2025, gastou 5,77 millóns cando o teito era 5,97 millóns. Podemos proxectar 830.000 euros en novas obras en 2026 porque fomos responsables en 2025. Cumprimos estritamente a Regra de gasto o ano pasado, o que nos permitiu aforrar e pechar o exercicio con case 1,4 millóns de euros na caixa. Investimos cos nosos propios aforros, non con débeda.

O mantemento dos Beneficios fiscais en 2026 susténtase na reactivación económica do 2025. Mantemos case 192.000 € en bonificacións fiscais e non asfixiamos aos veciños con impostos. O Estado de liquidación do orzamento de ingresos de 2025 demostra que o Concello mellorou a súa recadación pola



vía de actividade económica, que son os impostos indirectos do Capítulo 2 que se duplicaron de 71.450 € a 147.056,04 €, e mentres que a presión directa sobre o cidadán contívose, o Capítulo 1 de Impostos directos baixou lixeiramente a 2.051.670,87 €. Non precisamos subir o IBI nin recortar beneficios fiscais en 2026 porque a nosa xestión xera actividade. O informe de ingresos de 2025 demostra que a recadación polo ICIO (obras e construcións) duplicouse grazas ao dinamismo do pobo. Ese aumento de ingresos é o que nos permite manter as bonificacións fiscais e blindar as subvencións sociais e deportivas.

Concelleiros e Concelleiras da oposición, o Orzamento do 2026 que hoxe traemos non é un castelo no aire. Está cimentado sobre o 1.393.646 € de Remanente e o millón de euros de capacidade de financiamento que certifican os técnicos na Liquidación do ano 2025. Os datos matan o relato e os datos din que Cedeira está hoxe máis saneada, máis inversora e máis social ca nunca. Pero temos unha filosofía moi clara, que os números fríos deben quentarse nos fogares.

Señoras e señores da oposición, cadramos aos obxectivos de estabilidade e xerar un superávit de máis dun millón de euros en 2025 non é un exercicio solo de contabilidade estética, foi un exercicio de responsabilidade para chegar a hoxe. Para que en 2026 poidamos presentar un Orzamento onde ningún servizo social de un paso atrás e onde o noso tecido asociativo teña garantidos os seus cartos. Os números fríos non valen de nada se non serven para mellorar a vida dos nosos veciños, e estas contan son o maior escudo social que tivo Cedeira.

Mentres outras administracións cando teñen que axustar contas o primeiro que fan é recortar en benestar, o noso Goberno fixo o contrario: blindalo. Os nosos maiores e dependentes están protexidos. Mantemos intacta a nosa achega ao programa ‘Xantar na casa’, garantindo que as persoas vulnerables teñan unha alimentación digna e de calidade nos seus propios fogares. O SAF non só se mantén, senón que a súa actividade é tan intensa e chega a tanta xente que as previsións de ingresos por este servizo medran dun ano para outro. Isto significa que estamos atendendo a máis xente e prestando máis horas de coidado a quen máis o necesita.

Mantemos o noso forte compromiso económico coa Escola Infantil Municipal así como ás comunidades educativas do CEIP Nicolás del Río e do IES Punta Candieira porque a conciliación familiar e a atención á nosa mocidade non pode ser un luxo ten que ser un dereito garantido por este Concello.

Cedeira non se entende sen as súas asociacións, sen os seus clubs e sen os seus voluntarios. Eles son o motor do noso pobo, e este Goberno aposta por eles con máis de 450.000 euros en transferencias correntes. E quero darlles os datos concretos do Anexo de Subvencións de 2026 para que vexan onde van os cartos de todos:

-A aposta polo Deporte base (60.000 €): blindamos 45.000 € para axudar aos clubs a pagar as súas competicións, arbitaxes e desprazamentos. Pero non quedamos aí, mantemos unha liña de 15.000 euros para que poidan comprar material e facer pequenos investimentos. Cada euro gastado en Deporte é un euro invertido en Saúde e en afastar aos nosos mozos da rúa.

-A Cultura é a nosa identidade: son numerosas as asociacións culturais de todo tipo que reciben as axudas municipais a través de subvencións en concorrencia competitiva, somos conscientes do traballo que desenvolven e cremos que o Concello debe de ser un motor económico que debe de estar detrás de cada unha delas.

-Apoiamos as festas nas parroquias onde medramos un 100%. Sabemos que custa moitísimo organizar unha festa nunha parroquia e nun barrio. En 2026 decidimos duplicar a cantidade de axudas para as comisións de festas. Así nosas festas xeran economía local, atraen visitantes e, sobre todo, fan comunidade e pobo.

-O coidado a quen nos coida (as emerxencias): aos voluntarios non se lles agradece o traballo só con palmadiñas nas costas, agrádeceneselles con recursos. Destinamos 20.500 € a Protección Civil e destinamos 3.800 euros á Cruz Vermella. Cando hai un temporal ou unha emerxencia, eles sempre están aí, agora o Concello tamén está con eles.

Polo tanto, votar en contra deste Orzamento ten consecuencias moi reais. Votar non hoxe, é dicirlle non aos pais que levan aos nenos á Escola infantil, ao cole Nicolás del Río, ao IES Punta Candieira. É dicirlle non aos avós que dependen da axuda no fogar; é dicirlle ás entidades culturais e deportivas que non teñen garantidos os seus fondos; é dicirlle que non ao alumnado que traballa cada ano nos Orzamentos



participativos do noso Concello para mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas, é votar en contra das melloras en infraestruturas municipais de todo tipo. Tamén é dicir que non á mellora dos servizos municipais que temos neste concello; é dicir que non a toda a programación Cultural e Deportiva que se leva a cabo dende as correspondentes Concellerías, é darlle as costas a todo o voluntariado que hai no noso pobo; é darlle as costas á Igualdade e é darlle as costas a todas as Concellerías.

Nós fixemos os deberes económicos no 2025 para ter hoxe uns cartos na man. Pídlles que non bloqueen o progreso nin as axudas que a xente de Cedeira está esperando. Sexan responsables co seu voto.

Nada máis... Bueno, si. Estou totalmente de acordo co que dixo Noel co tema dos honorarios e todo, pero non imos a entrar niso, pero si que, bueno facendo unha comparativa, vostede nos falaba dos últimos 10 anos, non? Aí pois houbo un tripartito, pois un goberno en maioría, un bipartito... Recordo que era o ano 2015 pois cando entramos, fomos quenos aprobamos os Orzamento, foi a nova Corporación, pois aquel tripartito, foi o Goberno que había naquel momento con maioría absoluta non foi capaz de aprobalos antes das eleccións, e tamén recordo eses 200 euros que había polas Xuntas de Goberno que eran semanais e, así como, a porcentaxe do que se cobraba por parte dos sete Concelleiros do Partido Popular e os dous cargos de confianza que tiña o señor Alcalde, esa porcentaxe no Orzamento era superior á que hoxe no Orzamento o que supoñen os Concelleiros e Concelleiras que estamos no Goberno. Nada máis, era por poñer ese pequeno matiz. Pero bueno, non vou quitar ningunha retribución a ninguén nin nada, nin traer ao Pleno.

Xulio, tes a palabra.

O Sr. Cribeiro García di: Mire, señor Alcalde, as súas palabras son demagogia pura e dura, sen argumentos, pura demagogia. Aquí estamos en Cedeira, non fale doutros concellos e de outros presupostos, estamos en Cedeira. Mire, cando o SAF atenda ó 100% das persoas, nós o votaremos en contra. O ano pasado...

O Sr. Alcalde di: Votaredes a favor...

O Sr. Cribeiro García di: Votaremos a favor. O ano pasado había máis de 84 persoas de Cedeira sen ser atendidas por este Concello. No próximo Pleno traerílle exactamente a cifra concreta de persoas de Cedeira non atendidas. Mire, non me fale a min do meu traballo, é un tema particular, eu cobro porque teño unha profesión. Se vostede ten unha profesión eu non lle vou dicir que non cobre, nin moitísimo menos. Teño unha profesión e grazas a unha oposición libre, teño un posto de traballo público, non un cargo político. Endexamais nosoutros, se ben o Pleno da retribucións iniciais, endexamais nosoutros non dixemos que non deben de cobrar os cargos públicos, sempre que se beneficie o pobo. Son nove Concelleiros, nove eh? Nove concelleiros. Se vostedes traballaran terían os Presupostos antes do 15 de outubro de 2025. Se vostedes traballaran terían os presupostos antes do 15 de outubro de 2025. Outubro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo, pasaron seis meses, eh? Vostede di que traballa, pois diga vostede, porque nosoutros non vemos o traballo.

O Sr. López López di: Poido contestar?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. López López di: Fala do SAF, si que é verdade que eu como non son Concelleiro de Servizos Sociais non lle poido rebater con datos e a Concelleira agora mesmo non pode estar neste debate. Temos 25 traballadoras propias, que concello pode dicir que ten 25 traballadoras propias do SAF cunhas condicións que quen lle dera a moitos dos traballadores da zona?

O Sr. Alcalde di: Ninguén.



O Sr. López López di: Si, Cerdido cubrirá o 100% cunhas condicións pésimas das súas traballadoras. Nós valoramos o traballo dos nosos traballadores. Consideramos que deben ter uns salarios dignos. Entón por iso, non chegaremos ao 100%? Pois igual non, intentarémolo. Dese tema foi o que che dixen, non poido rebater máis porque non teño os datos eu na man porque non levo esa Concellería. Somos nove Concelleiros, si, cal é o problema de que sexamos nove Concelleiros? Cantos dos nove Concelleiros teñen máis traballos que non son políticos eh, como dis ti, porque eu non traballo. Eu veño aquí a sentarme nunha silla e a esperar que Xulio Cribeiro nos pida todos os informes e imprimamos os concelleiros os informes. Nós... que pensas que facemos aquí no Concello?

O Sr. Cribeiro García di: Non che vou a dar a resposta.

O Sr. López López: Ah vale, pois non me des a resposta.

O Sr. Cribeiro García di: Porque xa cho dixen antes.

O Sr. López López di: Si, nada, ti consideras que non facemos nada.

O Sr. Cribeiro García di: Xa cho dixen antes.

O Sr. López López di: Nada. Facemos moito traballo que, pola falta de persoal que, sabemos que pola taxa de reposición e polas mil historias que nos acotan dende arriba, non podemos...non pode realizar pois un administrativo, un auxiliar, un técnico e ao final acaba recaendo nos propios Concelleiros. Sabe quen fixo os pregos do campamento, claramente revisados polos técnicos? Eu. Gustaríame saber a min se vostede fixo algunha vez algún prego. Non sei, creo que sendo Alcalde no seu día, porque non creo que non cobrase de Alcalde... Non o sei nin me interesa, así de claro, pero non creo que non cobrase, e aparte, o da oposición. Eu estou estudando, todas as tardes para sacar unha oposición, que pasa? Non poido ser político? Hai que ter un traballo detrás para ser político? Pois coidado co que teñan detrás vostedes para falar de quen entrou con 15 anos e con 40 e gobernou España.

O Sr. Cribeiro García di: Mire, no próximo Pleno dareille a cifra exacta aportada pola Xunta e que non é utilizada polo Concello no Servizo de Axuda do Fogar, vale? Canto persoal ten este concello? 60, 70, 80 persoas? Non lles chega?

O Sr. López López di: Pois non. Vostede sabe a carga de traballo que hai neste Concello?

O Sr. Cribeiro García di: Mire, volve dicir outra cousa porque xa que o saca vostede, tiña pensado facer esta afirmación no último Pleno desta lexislatura pero xa que o saca vostede volve... vou a rectificar unha afirmación que fixen no Pleno cando me preguntaron se eu cobraba como Alcalde no Concello de Moeche. Eu díxenlles que si, e non era verdade. Para que conste en acta, eu cando entrei no Concello, o anterior Alcalde, que era unha gran persoa, un gran amigo meu, do Partido Socialista, tiña como asignación 3.000 pesetas por asistencia ó Concello. Ou sexa, que se ía de luns a venres, 5 días, cobraba 15.000 pesetas e se ía os 20 días do mes, cobraba 60.000 pesetas. Esa é a asignación que estaba e que constaba que tiña que cobrar o Alcalde. Non se asombre, eu o primeiro ano, renunciei a esa asignación. Eu non cobre. E sabe por que? Vaille sorprender mais a pregunta, sabe por que eu non cobre? Porque eu consideraba que ata que as miñas xestións se levasen a cabo, víame incapaz de cobrar. Empecei a cobrar a partir do segundo ano, pero xa tiña en marcha a construción dun novo concello. Que, por certo, mire o que dicían os seus compañeiros cando se fixo, dicían que era Falcon Crest, pero agora de Falcon Crest non se van.

O Sr. López López di: Home, coa súa firma.



O Sr. Cribeiro García di: Eu comprei, comprei 500 contedores que non había. Había un servizo de recollida de lixo que era un camiión e collía as bolsas do chan. Eu comprei un camiión compactador de basura.

O Sr. Alcalde di: Bueno, compraríao o Concello.

O Sr. Cribeiro di: Eu. As miñas xestións, grazas ás miñas xestións, eh?

O Sr. López López di: Pero vostede fai 20 minutos díxome “estamos falando de Cedeira”, non me interesa o que fixo vostede en Moeche.

O Sr. Cribeiro García di: E que ti sacaches agora o tema de cobrar...

O Sr. López López di: Non, eu díxenche non o sei, nin me importa

O Sr. Alcalde di: A ver imos a... que isto non é intervir.

O Sr. Cribeiro di: Se non che importara non dicías...

O Sr. Alcalde di: A ver, por favor, aquí hai turnos de intervención, foron tres turnos de intervención por concelleiro, creo que xa está. Creo que tamén se antes falabas de demagogia, dicir que o primeiro ano non.... Mira, unha persoa ten que cobrar por traballar e se vostede foi capaz de compatibilizar o concello de Moeche coa súa profesión, pois mire pois igual é posible porque é un concello pequeno e se pode facer. Agora lle poido asegurar que de ningunha maneira se pode facer isto en Cedeira. E vólvolle a dicir que estamos moi orgullosos deses gobernos que pasaron antigamente dende o 2015, que en 10 anos e medio aprobamos, este é o décimo segundo Orzamento. E recórdolle, vólvolle a dicir, os anteriores a vostede non aprobaron o Orzamento en maio do 2015, con maioría absoluta, onde cobraban, repítollo 7 concelleiros e 2 persoas de cargos de libre confianza.

O Sr. Cribeiro García di: Demagogia, señor Moreda.

O Sr. Alcalde di: E un alcalde que estaba a media xornada e cobraba 1.500 euros netos a media xornada. Que podía ter a súa profesión, non discuto que gañara moito ou pouco, e se lle permitía que tivera outros ingresos por outro lado. Algúns de nosoutros non podemos, porque temos dedicación exclusiva. Nada máis, procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (3), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

A Sra. Prieto Cal reincorpórase ao Salón de Plenos sendo ás 20:36 horas.

3. APROBACIÓN INICIAL DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2026

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.03.2026, que di:



“APROBACION INICIAL DO CATALOGO DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2026

Esta Alcaldía inicia expediente para levar a cabo a aprobación do catálogo de postos de traballo onde figura proposta descritiva no que se detallan as prazas do cadro de persoal municipal.

No proxecto de orzamento 2026 figura recollida dita previsión referida ao cadro de persoal, a súa dimensión económica ou sexa, sobre o gasto que, de ser o caso, supón a aprobación do cadro de persoal, sendo complementada coas tarefas asignadas a cada posto de traballo.

Dito catálogo de postos de traballo ven motivado pola necesidade de que a mesma responda aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía recollendo adaptacións producidas durante o 2025.

A presente proposta de catálogo de postos de traballo responde á necesaria planificación dos recursos humanos dentro deste Concello como parte integrante da Administración Pública, a cal debe tender á procura e consecución da maior eficacia posible na prestación dos servizos públicos que ten encomendados, respectando escrupulosamente o ordenamento xurídico o que supón a utilización das técnicas e medidas establecidas na lexislación vixente, todo iso de acordo co mandato constitucional contido no artigo 103.1, que establece que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía descentralización, desconcentración, e coordinación con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

Neste sentido a presente proposta é unha consecuencia da potestade de auto-organización do Concello, recoñecida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, potestade que se manifesta, no que se refire aos recursos humanos, de forma discrecional para configurar unha organización adaptada ás necesidades concretas de cada Entidade Local, e que supón unha obxectivación das funcións na que se definan as características referentes a cada posto de traballo (definición do traballo, enumeración de tarefas, horario e xornada de traballo, denominación do posto do que se depende, denominación e número aproximado de postos inmediatamente dependentes, etc.).

Visto todo o que antecede considérase que, téndose seguida a tramitación establecida na lexislación aplicable, procede a aprobación do expediente polo Pleno da corporación de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En base ao exposto, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o catálogo de postos de traballo que figura como anexo da presente proposta.

SEGUNDO. Que se someta este acordo á información pública por un prazo de quince días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións e reclamacións que consideren pertinentes. Unha vez transcorrido dito prazo, se non se presentan alegacións entenderase como definitivo o acordo de aprobación inicial.

TERCEIRO. O presente catálogo de postos de traballo terá eficacia provisional en tanto en canto non se tramite e aprobe a preceptiva Relación de Postos de Traballo que dun xeito definitivo organice as distintas áreas do Concello, as tarefas e sistema retributivo de cada posto de traballo.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposta e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**: **APROBAR** o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.”



ANEXO

CATALOGO DE POSTOS DE TRABAJO 2026

As cantidades asignadas a cada praza son por xornada completa (37 horas e 30 minutos semanais), nos contratos a tempo parcial aplicarase o porcentaxe que para cada un corresponda en función da xornada que realice.

A diferenza, en cómputo mensual, entre a xornada regulamentaria de traballo e a efectivamente realizada dará lugar, salvo xustificación, a correspondente dedución proporcional de haberes.

En canto as retribucións esterase o sinalado neste catálogo, nos orzamentos, nas bases de execución do orzamento; e nas táboas salariais do Concello de Cedeira para o exercicio de 2026.

No apartado terceiro do decreto da alcaldía número 110/2022, de 24/02/2022, designouse e asignouse unha produtividade e recoñecemento retributivo mensual a Don Enrique Miguel Vázquez Martínez polo importe mensual de 180,00 euros brutos mensuais pola realización de forma extraordinaria de *“funcións de selección de espectáculos, contactar coas compañías e grupos seleccionadas para axuste da data de actuación, condicións de contratación e necesidades técnicas, así como recepción de documentación relacionada cos distintos espectáculos, preparación previa do espazo escénico para as distintas actividades a desenvolver nel, recepción das compañías e grupos, funcións técnicas de iluminación e son, e outras relacionadas co desenrolo das actuacións de grupos, compañías e espectáculos”*.

A partir do 1 de xaneiro de 2025, considerouse máis axeitado que Don Enrique Miguel Vázquez Martínez percibira de forma extraordinaria un complemento de dispoñibilidade (CdDE) mensual de 580,00 euros brutos nas pagas ordinarias (de xaneiro a decembro), deixando de percibir dende o primeiro de xaneiro de 2025 a produtividade que viña percibindo de 180,00 euros brutos mensuais. Para o presente exercicio 2026 aplicase o mesmo complemento que non superará a cantidade de 6.960,00 euros anuais.

Se fosen mais dunha persoa as que desempeñaran a Dispoñibilidade Extraordinaria (CdDE), a cantidade de 580,00 euros brutos mensuais repartíriase entre elas.

O traballador/a que desempeñe a plena dispoñibilidade, terá dereito a percibir unha cantidade de 510,00 Euros brutos mensuais. Este traballador terá plena dispoñibilidade horaria sen que se supere, en computo anual, a xornada laboral ordinaria. Dito complemento denominarase “Complemento de Libre Dispoñibilidade (CdLD)”. Actualmente este complemento está asignado a Don José Ángel Picos Loureiro.

Se fosen mais dunha persoa as que desempeñaran a plena dispoñibilidade (CdLD), a cantidade de 510,00 euros brutos mensuais repartíriase entre os mesmos.

A designación e cese dos Complementos de Dispoñibilidade Extraordinaria (CdDE) e de Libre Dispoñibilidade (CdLD) farase mediante decreto da Alcaldía.

As persoas que desempeñen efectivamente as labores de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”, funcións da “Xefatura da policía local”, funcións de “Secretario/a da Mesa de Contratación Permanente do Concello, xestión da licitación electrónica municipal a través da PCSP e preparación e elaboración de borradores de pregos de cláusulas administrativas particulares” e funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Secretaría da alcaldía e outros concelleiros”; en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Xefatura da policía local”; en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Secretario/a da Mesa de Contratación Permanente do Concello, xestión da licitación electrónica municipal a través da PCSP e preparación e elaboración de borradores de pregos de cláusulas administrativas particulares”, e en 180 € brutos mensuais polo desempeño das funcións de “Coordinación do persoal temporal de obras, servizos, limpeza e mantemento que sexan subvencionados total ou parcialmente por outras Administracións Públicas”. Se as labores se desempeñan entre máis dunha persoa o importe repartíriase proporcionalmente entre as devanditas persoas.

Do mesmo xeito as persoas que desempeñen efectivamente as labores do “Punto de información catastral” e as labores do “Mantemento do sistema de control horario”, terán dereito a percibir unha cantidade en concepto de “Produtividade” polo desempeño de funcións adicionais sen menoscabo das responsabilidades correspondentes ao seu posto de traballo. O importe mensual queda fixado en 120 € brutos mensuais polo desempeño das labores do “Punto de información catastral” e de 420 € brutos mensuais polas funcións de “Mantemento do sistema de control horario”. Se as labores ou funcións son desempeñadas por máis dunha persoa o importe repartíriase proporcionalmente entre as devanditas persoas.



A designación e cese das persoas que desempeñen as devanditas funcións realizarase mediante decreto da Alcaldía.

Cando no departamento de seguridade e orde público existan prazas vacantes non cubertas provisionalmente, ou se produzan situacións de incapacidade laboral temporal de longa duración que non poidan cubrirse provisionalmente, que dan como resultado unha minoración do número de efectivos, e se considere necesario por parte da Alcaldía que a policía local preste servizos pola asistencia fora da xornada habitual aos traballos de vixilancia e cobertura a aqueles eventos que se determinen, tales como o feira mensual, mercados, festas, probas deportivas, espectáculos públicos e actividades recreativas ou similares, xa teñan lugar en fin de semana ou por semana, a Alcaldía poderá dispoñer o pagamento en concepto de produtividade dun importe de 200 € brutos mensuais ós membros da Policía Local que mediante decreto sexan designados para a asistencia fóra da xornada habitual aos eventos que se determinen, fixando en dito decreto os funcionarios que teñen dereito a percibila e o inicio e fin da mesma, e mentres se manteña a referida situación de falta de persoal para a prestación dos servizos.

O complemento específico está referido a unha mensualidade, abonándose igualmente nas pagas extraordinarias.



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Eu aproveitar, xa que non me deixou continuar na anterior intervención, queixarme de que o Sr. Alcalde use o seu cargo como máximo representante da Corporación...

O Sr. Alcalde di: Imos a ver, a Presidencia...

O Sr. Cribeiro García di: Estou intervindo eu!

O Sr. Alcalde di: Non, non, non, escóiteme unha cousa, quen regula o Pleno son eu. Vostede pode facer 3 intervencións, non temos ningún problema en que faga, a veces, máis de 3 intervencións. O que non se pode e sacar... cando se fala dun punto, o que non se pode é falar sobre puntos diferentes, para iso están os rogos e preguntas se teñen algo que ver. Se agora estamos falando, por exemplo do Catálogo, vostede pode facer algunha pregunta ou referencia ao Catálogo, o que non pode é facer preguntas ou referencias a outros puntos que non están no contido deste, do mesmo. Non lle estou dicindo outra cousa. Vostede quere agora 10 minutos, 15 minutos, 20 minutos para falar do Catálogo? Non teño ningún problema, ningún ten ningún problema. Tampouco lle vou permitir a ningún outro Concelleiro, tanto do grupo do PSOE como do BNG, que fale doutras cousas que non teñan nada que ver co Catálogo. Senón... para iso están os regulamentos.

O Sr. Cribeiro García di: Mire, eu vou a seguir insistindo, usa o seu cargo para limitar as intervencións do portavoz do Partido Popular. Corta a palabra e non permite un debate. Onde está posto que hai, que son necesarias 3 intervencións? En que Pleno se adoptou esta postura? Acaba de dicilo vostede, o das 3 intervencións. En que Pleno se adoptou esa postura de que só poden intervir os grupos da oposición 3 veces? E nada máis.

O Sr. Alcalde di: Isto é o que lle interesa a vostede do Catálogo? Vale.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. EXPTE 2026/A006/000003

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 13.03.2026, que dí:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. EXPTE 2026/A006/000003



Conforme a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, dentro do sistema de defensa contra incendios forestais de Galicia, son esenciais as denominadas redes de faixas de xestión da biomasa, como conxunto da parcelas lineais do territorio, estratexicamente situadas, onde se garante a xestión da biomasa, é dicir, o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas adecuadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio. Nestas redes de faixas de xestión da biomasa, a Xunta de Galicia é competente para xestionar as redes primarias e terciarias, e compete ás entidades locais a xestión das redes secundarias.

As redes secundarias de xestión da biomasa teñen un ámbito municipal e defínense como tales nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. Posúen a función prioritaria de protección as núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. A obriga de xestión da biomasa compete ás persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre as parcelas incluídas nesas faixas. No suposto de incumprimento destas obrigas por parte dos particulares, compete aos concellos a comunicación da necesidade do seu cumprimento e advertir da execución subsidiaria da dita obriga por parte da Administración local con repercusión de custos, e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas que deba retirar a Administración.

Corresponden á Xunta de Galicia, en relación coas entidades locais galegas e de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a cooperación e colaboración, que se poderá levar a cabo mediante a subscrición de convenios. En particular, o artigo 198 da lei prevé que, coa finalidade da máis eficaz xestión e prestación dos servizos da súa competencia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poden, mediante os convenios, coordinar as políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente as obras ou os servizos da competencia dunha das partes, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

A Lei 3/2007, tamén regula unha específica colaboración entre a Xunta de Galicia e entidades locais na materia obxecto do presente convenio. Así, o artigo 1 desta lei establece o seu obxecto de defender os montes ou os terreos forestais fronte aos incendios forestais e protexer as persoas e os bens afectados por eles, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias, baseada, entre outros aspectos, na actuación nos montes e nas áreas lindes mediante tratamentos adecuados da biomasa vexetal e no establecemento das condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto aos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.

A Lei 3/2007 atribúe no seu artigo 6 á Xunta de Galicia, para o seu exercicio polo Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia forestal, entre outras competencias, as relativas a establecer a política xeral de prevención e loita contra os incendios forestais; programar e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais; establecer as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais que sexa necesario adoptar tanto pola Administración como polos particulares e asegurar o seu cumprimento; xestionar as redes primarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa, coordinar as actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais e promover mecanismos de participación social nas ditas tarefas; e proceder á execución subsidiaria ou directa de traballos preventivos nos termos establecidos na lei.

Segundo o artigo 7 da devandita Lei, corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en



particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade. Engade o artigo 7 que os concellos, no exercicio da competencia relativa a ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios, poderán contar coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 59 da devandita Lei e consonte o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

En data 15.12.2025, asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, no que se prevé a adhesión voluntaria daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión das redes de faixas secundarias da biomasa, continuando así coa cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, Seaga e os concellos que, se é o caso, poidan voluntariamente adherirse ao sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

Considerando o interese deste Concello na adhesión ao dito Convenio.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 10.03.2026 e o informe de Intervención de data 11.03.2026.

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, propono ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundaria, que consta incorporado no expediente 2026/A006/000003.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura dos trámites relacionados coa adhesión.

TERCEIRO.- Dar traslado do Modelo de adhesión.”

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Bueno, dicir que o Concello de Cedeira está adherido a este convenio dende xuño de 2021, que nos mantemos nel mediante as sucesivas addendas, ata o 31 de decembro de 2025. Quero tamén facer un pequeno resumo das actuacións que se levaron a cabo, para poñer en valor a parte medioambiental que se fai dende o Concello de Cedeira:

- Como planificación e apoio técnico, solicitouse colaboración con abeiro a este convenio para a elaboración do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, desenvolvéndose a elaboración e tramitación ao longo do 2022 e apróbbase definitivamente dito plan en setembro de 2023.
- Inspección de parcelas e faixas secundarias: en maio de 2024 solicítase colaboración ao abeiro do convenio para a realización de tarefas de inspección das parcelas situadas en faixas secundarias, así como das comunicacións e elaboración dos anuncios para ser publicados no DOGA.



- Nos meses de agosto e setembro de 2024, lévanse a cabo as inspeccións de campo por parte do persoal técnico de Seaga, do cal se desprende que preto de 5.500 parcelas situadas en faixa secundarias que están a incumprir a normativa de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Traballouse na información e sensibilización da veciñanza, no 2024 realizouse unha xornada formativa con persoal técnico de Seaga, dirixida á veciñanza co obxectivo de mellorar o grao de coñecemento da normativa, do procedemento administrativo derivado das notificacións, así como a resolución de dúbidas e consultas.
- Como tramitacións administrativas, asináronse preto de 3.700 comunicacións de dilixencias previas de obriga de xestión de biomasa ou retirada de especies prohibidas, que se notifican de xeito persoal mediante envío postal ou de xeito electrónico.
- Tamén se notificaron 1800 mediante anuncio publicado no DOGA por non ser posible a identificación do titular catastral.
- Dende finais do 2024 e durante o 2025 levouse a cabo por parte do concello a atención e asesoramento a toda a veciñanza que o solicitou en materia de cumprimento da normativa de aplicación (consulta e identificación das parcelas, medicións sobre visor de zonas afectadas, etc.), así como a tramitación das alegacións.

Podemos dicir, como última nota, que o elevado número de parcelas afectadas polas obrigas de xestión da biomasa deu lugar a unha situación de saturación das empresas madeireiras e de servizos de limpeza de malezas, o que provocou dificultades para a veciñanza para a execución material dos traballos nos prazos establecidos. Esta circunstancia derivou nun colapso puntual da capacidade de resposta do sector, incidindo directamente na capacidade das persoas titulares para dar cumprimento das obrigas legais. Como consecuencia do anteriormente descrito, e co obxectivo de facilitar o cumprimento das obrigas por parte dos titulares, estableceuse un período de carencia durante o ano 2025.

Bueno, quería facer un pequeno resumo das actuacións que se levaron a cabo. Procedemos a votar?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE RELATIVA Á DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

“Vista a moción presentada en data 11.03.2026 (rex. Entrada nº 0739) pola voceira do grupo municipal socialista, D^a. Carmela Prieto Cal, que dí:

“O Grupo Municipal Socialista de Cedeira, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta moción en DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialistas de Cedeira expresa a súa profunda preocupación pola escalada militar que se está a producir en Oriente Medio. Non se trata dunha preocupación abstracta nin afastada. Os conflitos armados teñen sempre un alto custo humano, social e económico: falamos de vidas humanas, de cidades destruídas, de familias obrigadas a fuxir e dunha inestabilidade que xa está a ter consecuencias no conxunto do mundo.



A historia recente demostrou que as guerras iniciadas fóra do marco do dereito internacional e sen o respaldo da comunidade internacional non resolveron os conflitos; en moitos casos provocaron máis violencia, máis inseguridade e crises humanitarias de gran magnitude.

Hai pouco máis de dúas décadas vivímolos coa guerra de Iraq. Aquela intervención, que se presentou como necesaria para garantir a seguridade internacional, acabou sendo co paso do tempo unha das decisións máis cuestionadas da política internacional recente. Europa e tamén España deben actuar con responsabilidade e aprender das leccións da historia, evitando repetir erros que tiveron consecuencias tan graves para a paz e para a seguridade global.

Por iso, nun momento como este, cómpre dicilo con claridade: a guerra non pode ser a resposta.

Galicia quere estar do lado da paz, do diálogo e do dereito internacional; do lado dos principios recollidos na Carta das Nacións Unidas que durante décadas serviron de base para a convivencia entre países e pobos.

Galicia repudia o réxime de Irán, responsable da represión e da vulneración dos dereitos fundamentais da súa propia cidadanía, especialmente das mulleres. Pero ao mesmo tempo rexeita este conflito e defende que a única saída posible debe ser diplomática e política.

Porque cando se rompe a legalidade internacional, quen máis sofre son sempre os mesmos: a poboación civil. E porque, ademais do drama humano, os conflitos tamén traen consecuencias económicas que acaban chegando á vida diaria da xente: prezos da enerxía máis altos, incerteza económica e máis dificultades para moitas familias.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Cedeira somete á consideración do Pleno do Concello de Cedeira a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro. Reclamar aos Estados Unidos, a Israel e a Irán o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensións aínda máis graves.

Segundo. Repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente das mulleres.

Terceiro. Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.

Cuarto. Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: **NON Á GUERRA.**

Quinto. Expresar a solidariedade do pobo galego coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.

Sexto. Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación.



Sétimo. Apoiar o envío da fragata española a Chipre para contribuír á defensa e á seguridade na rexión tras os ataques rexistrados.

Oitavo. Dar traslado desta moción ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PsdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Mire, este punto do orde do día, mire Sr. Moreda, como nos gustaría que neste punto ou noutros Plenos e neste de marzo de 2026, este punto da orde do día que trae aquí o PSOE de Cedeira, trouxera o proxecto de mellora da pavimentación do Casco vello de Cedeira, pero claro, como vostede como embaixador do Ministerio de Asuntos Exteriores do Goberno de España, trae aquí esta moción.

Mire, levan 10 anos recibindo 7, máis de 7 millóns de euros e non dedican un céntimo á pavimentación da zona vella de Cedeira. O 10 de decembro do ano 1948 aprobouse e proclamouse a Declaración Universal de Dereitos Humanos que di así: El 10 de diciembre de 1948 la Asamblea General de las Naciones Unidas aprobó y proclamó la Declaración Universal de Derechos Humanos cuyo texto completo figura en las páginas siguientes. Tras este acto histórico, la Asamblea pidió a todos los países miembros que publicaran el texto de la Declaración y dispusieran que fuera distribuido, expuesto, leído y comentado en las escuelas y otros establecimientos de enseñanza, sin distinción fundada en la condición política de los países y territorios.

Esta declaración ten 30 artigos, algún como o artigo número 2 di: Toda persona tiene los derechos y libertades proclamados en esta Declaración, sin distinción alguna de raza, color, sexo, idioma, religión, opinión política o de cualquier otra índole.

No artigo 5 di: Nadie será sometido a torturas ni a penas o tratos crueles, inhumanos o degradantes.

No artigo 9 di: Nadie podrá ser arbitrariamente detenido, preso ni desterrado.

No artigo 13 di: Toda persona tiene derecho a circular libremente y a elegir su residencia en territorio de un Estado. Toda persona tiene derecho a salir de cualquier país, incluso del propio y regresar a su país.

O artigo 17, por exemplo, di: Toda persona tiene derecho a la propiedad individual y colectiva. Nadie será privado arbitrariamente de su propiedad.

Son, como dixen antes, 30 artigos que nosoutros estamos totalmente de acordo e estamos, o Grupo municipal do PP, firme e totalmente de acordo. Para nós esta Declaración Universal dos Dereitos Humanos está de actualidade e cremos que debe ser de obrigado cumprimento en todos os países do mundo. Condenamos todo tipo de ditadura, condenamos todo tipo de abusos arbitrarios que se están a facer no mundo, en defensa das mulleres, dos homosexuais aforcados pola súa condición...

Fai 5 anos que hai unha guerra en Ucraína, a guerra nós condenámolas en todos os países, por que non trouxeron outra condena similar contra o señor Putin e a súa guerra asasina contra as mulleres e os homes de Ucraína?

O Sr. Alcalde di: Si que se trouxo.

O Sr. Cribreiro García di: A nosa postura é clara, é clarísima. Non á guerra. Non á Pedro Sánchez. E non ao señor Pablo Moreda como alcalde de Cedeira. Eu non sei se facer aquí unha simulación, pero será que nos acabamos de enterar que a fragata Colón, mandada polo señor Pedro Sánchez, Presidente do Goberno de España, como tripulantes leva enfermeiras, médicos, leva traballadores sociais, traballadores da Cruz Roxa e non leva militares? Non leva munición? O noso apoio ás familias dos militares que están nesta misión. O noso apoio polo que están sufrindo polos seus familiares no Mediterráneo.

O Sr. López López di: Nós cremos que a moción que se trae hoxe aquí ao Pleno parte dunha idea que é fundamental, a defensa da paz e a necesidade de apostar sempre por un diálogo e pola diplomacia como



vías para resolver os conflitos e, sobre todo, estes conflitos internacionais. Agora ben, isto non significa que non teñamos discrepancias como partido, dende o BNG xa manifestamos publicamente que non compartimos determinadas decisións, como pode ser o envío da fragata porque entendemos que ese tipo de medidas non contribúen precisamente a avanzar cara ás solucións dialogadas, pero máis alá das diferenzas pensamos que o importante é o fondo da cuestión. Estamos vivindo un momento complicado a nivel internacional e cremos que é necesario reafirmar algo que ben a ser básico, que a paz debe ser sempre o horizonte e que os conflitos deben resolverse dende o diálogo, o respecto ó Dereito Internacional, que tanto vostede defendeu agora, e a cooperación entre pobos.

Dende un concello está claro que non imos resolver estes conflitos internacionais, pero si podemos expresar una posición clara a favor da paz e da convivencia entre os pobos. E nese sentido entendemos que o espírito da súa moción vai nesa dirección por iso o noso voto vai a ser afirmativo.

O Sr. Alcalde di: Bueno, eu quería defender isto como un chamamento pola humanidade e pola paz. Está claro que non teño os coñecementos suficientes en Dereito Internacional como para dar aquí unha masterclass a ninguén. E, bueno, o dos Dereitos Humanos que leu vostede do 48 pois a pena é que eses dereitos humanos non se lle leran ó fascista Francisco Franco que daquela torturou e matou e fusilou a milleiras e milleiros de persoas en España que están hoxe, incluso enterradas nas cunetas, pero bueno, ímolo deixar aí. Só quería dicir iso, un chamamento pola humanidade e pola paz, onde quería dicir o seguinte:

Concelleiras e Concelleiros, hoxe non falo só con palabras, falo coa preocupación e coa esperanza de quen cre profundamente no valor da vida humana. Nun mundo que tantas veces esquece o sufrimento alleo, é necesario erguer a voz fronte á posibilidade dunha guerra, especialmente nun lugar coma Irán, onde millóns de persoas só desexan unha cousa: vivir en paz. Porque cando falamos de guerra non falamos só de estratexias nin de fronteiras, falamos de nenos que perden o seu fogar, de nais e pais que non poden protexer ás súas familias, de vidas truncadas antes de tempo. Falamos de medo, de dor, de silencio e de ausencias que nunca se poderán reparar. Non hai causa que xustifique o sufrimento dunha soa vida inocente. Non hai interese político que compense a perda dun futuro. A guerra non trae solucións, deixa feridas abertas, xeracións marcadas e un mundo un pouco máis frío. Por iso, hoxe quero facer un chamamento á conciencia de todos nós. A lembrar que, antes que nacións, somos persoas, que antes que diferenzas temos algo en común: a nosa fragilidade, a nosa dignidade e o noso dereito a vivir sen medo. Debemos apostar polo diálogo, pola comprensión, pola paz. As Nacións Unidas teñen un papel fundamental, pero tamén cada un de nós ten unha responsabilidade que non debemos de calar, porque gardar silencio ante a dor é de algún xeito permitila. E remato cunha idea sinxela: a humanidade non pode perderse no ruído das armas. Nada máis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (3), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 141/2026 DE DATA 05.03.2026 DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN EN EDIFICIO EL PALACETE. POS+2024

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de marzo de 2026, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 141/2026 de data 05.03.2026, que dí:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN EN EDIFICIO EL PALACETE. POS+2024

Expte. 2024/C003/000002

Mediante o acordo plenario de data 8 de febreiro de 2024 solicitouse a participación no POS+2024 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "**Rehabilitación en edificio El Palacete**".

Debido á comunicación do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial, relativa á supervisión desfavorable do antedito proxecto, foi necesaria a súa modificación coas consideracións técnicas correspondentes.

Con data 19.02.2026 (R.E. 2026/999/366) o redactor do proxecto D. Ángel Monteoliva Díaz presentou o proxecto modificado denominado "Rehabilitación en edificio El Palacete", asinado dixitalmente con data 19.02.2026, no cal foron subsanadas as deficiencias postas de manifesto polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial, e non varía no resto do seu contido nin no seu orzamento con respecto ao inicialmente redactado; e foi remitido á Deputación Provincial a través de SUBTEL.

Con data 25.02.2026 recibíuse unha comunicación do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial relativa á supervisión favorable deste proxecto modificado; e instando á súa aprobación polo órgano municipal competente para continuar coa súa tramitación.

Por isto, **RESOLVO:**

- 1.- Aprobar o proxecto técnico modificado denominado "Rehabilitación en edificio El Palacete", asinado dixitalmente con data 19.02.2026 polo redactor D. Ángel Monteoliva Díaz, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica; en substitución do exemplar inicialmente aprobado polo Pleno da corporación.
- 2.- Remitir a presente resolución á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL.
- 3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe."

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PsdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 141/2026 de data 05.03.2026."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Con respecto ao Palacete, señor Alcalde, cando vostede dixo que ía a encargar un proxecto para axardinar o Palacete -logo de que vostede, dada a súa sensibilidade medioambiental, deixara morrer un buxo que levaba plantado xa moitos anos- nós propuxémoslle, no seu momento, que se puxera en contacto con tres paisaxistas para recuperar un xardín ao lado dun edificio singular. Que foi o que fixo vostede? Dar máis de 44.000 € a unha empresa da provincia de Lugo. E que se fixo? Un, arrancar o buxo e en vez de plantar algo autóctono, trae a planta *albizia julibrissin*, que é a acacia de Constantinopla, onde o seu hábitat autóctono está en Asia, nunha zona ampla con climas diferentes dende Irán ata Taiwán. Dita plantación das árbores albizia está tan cerca do edificio do Palacete e do peche da finca anexa da Marquesa, que fíxense que listos son os que



realizaron dita plantación. Son tan listos que non tiveron en conta que esta árbore, no seu crecemento, crece ata 8 metros de ancho. Polo que no futuro só caben dúas posibilidades para que non afecten ó edificio do Palacete nin invadan a finca da Marquesa: unha é cambiar de sitio o Palacete e cambiar a finca da marquesa. Ou cambiar de lugar as árbores plantadas na actualidade. Miren, efectivamente traen un proxecto e unha empresa de xardinería de Lugo que vai ser inservible no futuro. Vaia atentado ao deseño urbanístico colocar bordillos de formigón aos lados dun edificio histórico, feito con pedra de toelo, feito con pedra de Moeche. Urbanísticamente e paisaxísticamente é unha aberración.

Por que non puxeron bordillos de pedra natural? O entorno do Palacete, os seus xardíns enchárcanse cando chove moito e non lle fixeron un drenaxe. É unha terra por partes apelmazada. Mire, é asombrosa a súa actuación, señor Moreda, e dos seus socios do BNG.

Nós, que visitamos o soto do Palacete fai un tempo, sabemos dos gravísimos problemas de humidades no soto e as obras que se fan e que se traen hoxe aquí, deben de ter un sentido e unha orde. Primeiro, habería que arranxar o soto do Palacete e, deseguido, arranxar os xardíns. Primeiro, facer a cimentación dunha casa, e logo rematar polo tellado, e non como vostedes traen aquí esta actuación; primeiro facer o tellado da casa e, por último, os cimentos da casa. Gasta o diñeiro público sen unha orde, sen unha planificación. Hai que levantar agora parte dos xardíns do Palacete onde se inverteron máis de 44.000€? Que nós consideramos que o proxecto que se trae aquí hoxe é totalmente necesario, pero xa era moi necesario antes de facer os xardíns.

O Sr. Alcalde di: Vostede sabe de Medicina, está claro que de construción sabe moi pouco, iso xa o primeiro. Que terá que ver unha cousa con outra? O Palacete xa estaba feito, o proxecto do interior xa se leva estudiando bastante tempo, sabes?

En canto ás contratacións, recórdolle que as contratacións que fai este Grupo de goberno non teñen reparos. As contratacións que tivemos que pagar no ano 2015 cando entramos no Grupo de goberno, de 700.000 € antes das eleccións en obras municipais, todas con reparos de Intervención por non seguir os procedementos administrativos.

No verán do 2015 tivemos que pagar as festas do 2014, o alumado de 2014, unha pila, unha cantidade de cousas que me está dicindo vostede de xestión, de gastar e todo isto?

Bueno, mire, vostede ten o proxecto, supoño que revisaría o proxecto, e como ben di está de acordo con que se ten que facer esa obra para que o Palacete aguante. Pensei que ía a preguntar por que nos mandaron cambiar o proxecto, pero bueno... xa vexo que iso non lle interesa moito. Así que procedemos a votar e listo.

O Sr. Cribeiro García di: Poido?

O Sr. Alcalde di: Ah! Si, si.

O Sr. Cribeiro García di: Claro que descoñezo temas de construción e de paisaxismo, pero parte de esta intervención está feita en base aos comentarios de varios paisaxistas e de varios xardineiros. Non son comentarios persoais meus. E se non sei de algo...

O Sr. Alcalde di: Non pasa nada por non saber, tampouco eu sei de Medicina, eh? Non pasa nada.

O Sr. Cribeiro García di: Intento ter algún coñecemento, pero bueno, para que lle vou a comentar.

O Sr. Alcalde di: Tamén lle poño a consideración unha cousa, cando vostede di: é que para vostede xa morrera, home, non faga ese tipo de afirmacións. Cando tiñamos, vostede pódelle preguntar aos xardineiros do Concello que estiveron durante anos intentando recuperar o buxo, e o buxo non o deron recuperado, sabes? Non é xardineiro ningún dos Concelleiros que estamos aquí, nin das Concelleiras, porque tampouco temos os coñecementos de xardinería para saber conservar ou non un buxo, porque solo faltaba. Bueno, imos a votar.



O Sr. Cribeiro García di: Hai outra intervención, non? Hai tres me dixo, podo intervir por terceira vez?

O Sr. Alcalde di: Si, si, si. Sen problema.

O Sr. Cribeiro García di: Nun Pleno pregunteille especificamente cantos xardineiros había no Concello de Cedeira e vostede contestou -está nas actas- que había dous. No Concello de Cedeira solo hai un xardineiro, solo hai un xardineiro. Vostede debería aconsellarse polo xardineiro actual, ou non se aconsellou no seu momento, das indicacións que alguén deste Concello lle daba, en canto a recuperar o buxo. Non as tivo en conta. Vostede deixou morrer o buxo do Palacete.

O Sr. Alcalde di: Iso é...

O Sr. Cribeiro García di: Repítollo por segunda vez.

O Sr. Alcalde di: Agora voulle replicar eu. Iso é faltar á verdade porque eu non teño os coñecementos suficientes como para deixar morrer un buxo, nin incluso plantar un xardín. Quero dicir, que hai cousas e cousas... E si que temos dous xardineiros, temos un xardineiro que está no Catálogo e outra persoa que exerce de xardineiro.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 141/2026 de data 05.03.2026.

8. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2025

Dáse conta ao Pleno da Resolución de Alcaldía núm. 149/2026 de data 11.03.2026, que di:

“Expediente núm.: 2026/T019/000001

Asunto: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2025

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que con data 05 de febreiro de 2026, incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2025.

Visto que con data 10 de marzo de 2026, foi emitido informe da Intervención de control financeiro permanente da liquidación do orzamento do ano 2025, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 10 de marzo de 2026, emitíuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e do cumprimento da regra de gasto no que se indica que “*Conclusiones sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto:*”



- *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2025, CUMPRE o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.*
- *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2025, CUMPRE o obxectivo da regra de gasto.*
- *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2025, CUMPRE con límite de débeda pública.”.*

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2025 co seguinte resumo:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

Gastos	Ejercicio corriente				Ejercicio cerrados
	Créditos Iniciales	Créditos Definitivos	Obligaciones Reconocidas Netas	Pagos Líquidos	Pagos Líquidos
1. Gastos de personal	2.961.210,00 €	2.826.157,58 €	2.738.599,65 €	2.687.996,53 €	46.559,08 €
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	2.987.339,46 €	3.623.296,11 €	3.377.402,12 €	3.377.402,12 €	0,00 €
3. Gastos financieros	3.200,00 €	3.200,00 €	1.810,23 €	1.810,23 €	0,00 €
4. Transferencias corrientes	412.050,36 €	448.205,84 €	430.369,06 €	430.369,06 €	441,00 €
5. Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Inversiones reales	461.538,15 €	2.632.811,84 €	922.934,52 €	922.934,52 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	46.000,00 €	46.000,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
8. Activos financieros	6.000,00 €	6.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	116.063,42 €	116.063,42 €	116.063,42 €	0,00 €
TOTAL	6.877.337,97 €	9.701.734,79 €	7.623.179,00 €	7.572.575,88 €	47.000,08 €

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Ingresos	Ejercicio Corriente				Ejercicio Cerrados
	Previsiones Iniciales	Previsiones Definitivas	Derechos Reconocidos Netos	Recaudación Líquida	Recaudación Líquida
1. Impuestos Directos	2.139.530,70 €	2.139.530,70 €	2.051.670,87 €	2.051.670,87 €	0,00 €



2. Impuestos indirectos	72.000,00 €	72.000,00 €	147.056,04 €	147.056,04 €	0,00 €
3. Tasas y otros ingresos	849.215,92 €	849.215,92 €	822.287,57 €	822.287,57 €	0,00 €
4. Transferencias corrientes	3.157.633,65 €	3.831.424,74 €	3.901.503,56 €	3.901.503,56 €	0,00 €
5. Ingresos patrimoniales	251.509,65 €	251.509,65 €	544.307,86 €	544.307,86 €	0,00 €
6. Enajenación de inversiones reales	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	407.448,05 €	2.022.549,31 €	1.086.830,20 €	1.086.830,20 €	0,00 €
8. Activos financieros	0,00 €	535.504,47 €	1.500,00 €	1.500,00 €	1.607,64 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.877.337,97 €	9.701.734,79 €	8.555.156,10 €	8.555.156,10 €	1.607,64 €

Gastos		(A) Obligaciones pendientes de pago a 31/12/2024 (ejercicios cerrados)	(B) Modificaciones, Anulaciones y Prescripciones de las Obligaciones pendientes de pago a 31/12/2024 (ejercicios cerrados), a fin del ejercicio	Obligaciones reconocidas netas a fin de ejercicio	Pagos líquidos del ejercicio corriente	C) Pagos líquidos de ejercicios cerrados
	Total Gastos	51.637,41	290,00	7.623.179,00	7.572.575,88	47.000,08
1	Gastos de personal	48.596,00		2.738.599,65	2.687.996,53	46.559,08
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	1.241,52		3.377.402,12	3.377.402,12	
3	Gastos financieros	0,00		1.810,23	1.810,23	
4	Transferencias corrientes	1.603,87	290,00	430.369,06	430.369,06	441,00
6	Inversiones reales	196,02		922.934,52	922.934,52	
7	Transferencias de capital	0,00		36.000,00	36.000,00	



8	Activos financieros	0,00				
9	Pasivos financieros	0,00		116.063,42	116.063,42	

Ingresos	(A) Derechos pendientes de cobro a 31/12/2024 (ejercicios cerrados)	(B) Modificaciones, Cancelaciones o Anulaciones de los Derechos Pendientes de Cobro a 31/12/2024 (ejercicios cerrados), a fin del ejercicio	Derechos reconocidos netos a fin de ejercicio	Recaudación líquida del ejercicio corriente a fin de ejercicio	(C) Recaudación líquida de ejercicios cerrados hasta el fin del ejercicio	Derechos pendientes de cobro al 31/12/2025		
						(A-B-C) De ejercicios cerrados	Del ejercicio corriente	Total
Total Ingresos	14.481,58	0,00	8.555.156,10	8.555.156,10	1.607,64	12.873,94	0,00	12.873,94
1 Impuestos directos	0,00	0,00	2.051.670,87	2.051.670,87		0,00	0,00	0,00
2 Impuestos indirectos	0,00	0,00	147.056,04	147.056,04		0,00	0,00	0,00
3 Tasas y otros ingresos	10.835,96	0,00	822.287,57	822.287,57		10.835,96	0,00	10.835,96
4 Transferencias corrientes	0,00	0,00	3.901.503,56	3.901.503,56		0,00	0,00	0,00
5 Ingresos patrimoniales	1.234,20	0,00	544.307,86	544.307,86		1.234,20	0,00	1.234,20
6 Enajenación de inversiones reales	0,00	0,00				0,00		0,00
7 Transferencias de capital	0,00	0,00	1.086.830,20	1.086.830,20		0,00	0,00	0,00
8 Activos financieros	2.411,42	0,00	1.500,00	1.500,00	1.607,64	803,78	0,00	803,78
9 Pasivos financieros	0,00	0,00				0,00		0,00

